



Concello da Coruña

Área / Unidad EDUCACION ED0000 AQR	Documento 23619I029E	
Código de verificación  4Q6W 6D4L 4J3S 6K1N 0FEM	Expediente 236/2025/138	
	Fecha 01-12-2025	

ASUNTO: APERTURA DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓN AS LISTAXES DE SOLICITUDES ADMITIDAS, EXCLUIDAS E EXCLUÍDAS QUE PRECISAN EMENDAS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA BOLSAS NORTEAMÉRICA 2026-2027

O artigo 11.4 das bases específicas para o desenvolvemento da convocatoria para a adxudicación de prazas do programa municipal Bolsas Norteamérica 2026-2027 dirixidas ao alumnado de 1º de Bacharelato dos centros educativos do Concello da Coruña, publicadas no BOP da Coruña nº 211 de 04/11/2025, establece que "tras a finalización do prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Educación, como responsable da instrución do procedemento, revisará a documentación presentada e verificará o cumprimento de todos os requisitos, así como a presentación da documentación de carácter preceptiva establecida na convocatoria. Logo de finalizar a comprobación de solicitudes recibidas, faranse públicas tres listaxes, a das persoas admitidas, a das persoas excluídas que precisan de emenda e a das persoas excluídas por non cumprir os requisitos recollidos no artigo 4 destas bases, facendo constar as causas de exclusión. Despois da publicación destas listaxes abrirase un prazo de 10 días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios e edictos municipal situado na sede electrónica do concello, para a emenda das deficiencias detectadas (<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>)".

En cumprimento do previsto nas bases reguladoras do programa Bolsas Norteamérica 2026-2027 deberá publicarse no taboleiro de anuncios municipal a apertura do prazo de presentación de reclamacións ás listaxes de solicitudes admitidas, excluídas e excluídas que precisan emendas para participar no programa, debendo permanecer este prazo aberto dende o día seguinte ao da súa publicación e durante 10 días hábiles a partir do da súa publicación.

Tendo en conta o anterior,

SOLICÍTASE:

Que se publique no taboleiro de anuncios e edictos electrónico do Concello da Coruña o anuncio que se achega no expediente 236/2025/138 co código seguro de verificación 103B 3Z1Q 2D45 3508 0KQF, que deberá permanecer exposto dende o momento do seu envío ó taboleiro de edictos ate o 18 de decembro de 2025.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

O técnico de Educación
Alfonso Queijo Rodríguez